

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O ALLEAMENTO DA CASA E TERREO PERTENCENTES Ó PATRIMONIO MUNICIPAL DE SOLO DESTE CONCELLO, SITUADA EN LUGAR DE CORRAL DE ABAIXO NÚM 1, CHOUSA – CAMBOÑO (LOUSAME).

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

Constitúe o obxecto do contrato é o alleamento por este Concello mediante poxa pública, ao alza do ben inmovible formado por casa e terreo sitos en Corral de Abaixo núm. 1, Chousa, Camboño., de propiedade municipal cuxas características son:

Descrición de inmovible: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e palta baixo cuberta con terreo anexo.

- Situación xeográfica: Lugar de Corral de Abixo núm. 1. Chousa, Camboño. Lousame.
- Superficie: Planta baixa: 80,59 m². Planta baixo cuberta: 44,26 m². Acada unha superficie total co terreo anexo de 374,83 m²
- Linderos: Norte: Valentín Campaña Lojo. Sur: Camiño, Leste: Valentín Campaña Lojo. Oeste: Valentín Campaña Lojo.
- Título de adquisición: Escritura de compra-venda outorgada por Gonzalo Alvite Ferradás a favor Excmo. Concello de Lousame ante a notario de Noia Cristina Mosquera Criado en data 6 de maio de 2008. Núm 656.
 - Cargas ou gravames: Libre de cargas ou gravames.
 - Destino do ben: Vivenda unifamiliar.

Que dito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia, no Tomo, 1292, Libro 129, Folla 129, Folio 1.


O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 4.1.p) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Destino dos Bens que se Allean

Os bens que se allean deberán destinarse, única e exclusivamente, a vivenda unifamiliar, non admitíndose outro destino. Se non se cumpre esta condición, procederá a resolución do contrato, revertindo os bens alleados ao Concello.

CLÁUSULA TERCEIRA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do alleamento será a poxa ao alza, na que calquera interesado poderá presentar unha oferta.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo; e dicir o prezo mais alto sobre o de licitación.

CLÁUSULA CUARTA.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, toda a documentación publicable porase a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <http://www.concellodelousame.gal/>].

CLÁUSULA QUINTA. Tipo de Licitación

O tipo de licitación é o de sesenta mil (60.000,00) euros que poderá ser mellorado ao alza.

O prezo resultante abonarase en un so prazo, no momento da firma do contrato de compra-venda ou en momento anterior a firma da dita compra-venda.

CLÁUSULA SEXTA. Órgano de contratación

Á vista do importe do contrato que ascende a 60.000,00 euros, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e o decreto de delegación de competencias da alcaldía de data 15 de xuño de 2015 será a Xunta de Goberno Local posto que non se supera o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento en vigor ni a contía de tres millóns de euros

CLÁUSULA SÉTIMA. Capacidade

Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para iso.

CLÁUSULA OITAVA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións para contratar.

1. A capacidade **de obrar** do empresario acreditarase:

a) En canto a persoas **físicas**, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

b) En canto a persoas **xurídicas**, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

CLAUSULA NOVENA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Lousame (Praza Teodomiro Hidalgo núm. 1, 15214. Lousame. A Coruña., en horario de atención ao público, dentro do prazo de **trinta (30) días naturais** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, telegrama ou remitindo correo-e a seguinte dirección jose.martinez@concellodelousame.gal no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.


A acreditación da recepción do referido télex, fax, telegrama ou correo-e efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo licitador das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para licitar o alleamento do ben inmovible sito no lugar de Corral de Abaixo núm. 1, Chousa, Camboño». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Oferta Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa exixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) **Resgardo acreditativo de constituír a garantía provisional por importe de tres mil (3.000,00) Euros** correspondentes ao 5% do valor de tasación do ben.

**SOBRE «B»
OFERTA ECONÓMICA**

— **Oferta económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do expediente para o alleamento do ben inmovible de _____ mediante poxa pública, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. ____, de data _____, e no Perfil de Contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Firma do licitador,



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asdo.: _____».

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación

Para o presente procedemento non se constitúe Mesa de Contratación.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Apertura de Ofertas

O órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) constituirase tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, procederá á apertura dos Sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, concederá un prazo de tres (3) días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observadas na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B», que conteñen as ofertas económicas.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requirimento de Documentación

Á vista da valoración das ofertas, o órgano de contratación as ordeará por orde decrecente e requirirá ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, presente documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Pago

O pago realizarase previa ou simultaneamente á firma do contrato, mediante transferencia bancaria á seguinte conta **A BANCA, Noia, N° IBAN: ES4020805181273040003285** ou ben mediante cheque bancario.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos quince (15) días seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA. Formalización do Contrato



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Deberase producir a formalización do contrato en escritura pública.

[O alleamento de bens inmobles, deberá formalizarse en escritura pública, artigo 113.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 1280 do Código Civil].

CLÁUSULA DECIMOSEPTIMA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; os principios extraídos da lexislación contida no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e as súas disposicións de desenvolvemento, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerase polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

Lousame, 8 de xaneiro de 2018.

A alcaldesa.

Mª Teresa Villaverde Pais.

